

ANEXO II

Nº horas de atención ao alumnado e dedicación horaria do profesorado que imparte formación profesional específica para adultos na modalidade a distancia para cada un dos módulos que se ofertan

Ciclo formativo: desenvolvemento de produtos electrónicos.

Nome do módulo: lóxica dixital e microprogramable.

Nº horas totais do módulo (currículo): 240.

Nº horas prácticas presenciais: 72.

Nº horas/sesións presenciais semanais (1 sesión= 50 minutos): 5 h (6 sesións).

Atención telemática/telefónica a alumnos: 4 sesións.

Atención presencial a alumnos (sesións semanais): 2 sesións.

Ciclo formativo: sistemas de telecomunicacións e informáticos.

Nome do módulo: arquitectura de equipamentos e sistemas informáticos.

Nº horas totais do módulo (currículo): 185.

Nº horas prácticas presenciais: 55.

Nº horas/sesións presenciais semanais (1 sesión= 50 minutos): 4 h (5 sesións).

Atención telemática/telefónica a alumnos: 4 sesións.

Atención presencial a alumnos (sesións semanais): 2 sesións.

Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio oral e escrito similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14.3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1995, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos acaden o dominio do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro individualmente ten que constituír un equipo de normalización lingüística. Este equipo é o que recollen

os decretos 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente, decretos que foron desenvolvidos, tamén respectivamente, polas ordes do 22 de xullo e do 1 de agosto de 1997 (publicadas no DOG do 2 de setembro).

Por todo isto, para asegurar os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e para axudar a que eses equipos poidan levar a cabo aqueles proxectos que incidan na promoción do galego, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.

1. Esta orde ten por obxecto convocar axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a contribuír ao financiamento daqueles proxectos que incidan directamente na promoción do galego nas aulas, que realicen no ano 2005 os equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia. Estes equipos son os constituídos de acordo co establecido nos decretos 324/1996, do 26 de xullo, e 374/1996, do 17 de outubro.

2. Os proxectos e os traballos para os que se solicite axuda serán os contidos na programación de actividades elaboradas e aprobadas por cada centro para acadar os obxectivos recollidos nos plans específico e xeral para o uso do idioma galego (artigos 83 e 64 dos decretos 324/1996, do 26 de xullo, e 374/1996, do 17 de outubro, respectivamente) e os obxectivos recollidos nos decretos 247/1995, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo.

Segundo.

As axudas destinaranse preferentemente:

1. A satisfacer os gastos de adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego.

2. A organización de programas e actividades, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

Terceiro.

As axudas financiarase con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.470.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, aprobados pola Lei 13/2004, do 29 de decembro, por unha contía máxima de 62.500 € (sesenta e dous mil cincocentos euros).

Cuarto.

A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade máxima de 2.000 € (dous mil euros).

Quinto.

1. Para acceder a estas axudas será necesario que o equipo de normalización lingüística estea formalmente constituído, segundo o disposto nos artigos 82 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, e 63 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e que o seu programa de actividades sexa aprobado polo centro e enviado, coa programación xeral anual, á Inspección Educativa, o órgano encargado de lle presentar á correspondente comisión avaliadora o informe relativo a cada centro.

2. Non se lles poderá conceder axuda económica ningunha a aqueles centros que non xustifiquen debidamente as axudas que lles foron concedidas para o ano académico 2003/2004, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2003 (DOG nº 10, do 16 de xaneiro), ou que non cumpran o sinalado na epígrafe 6.4º desta orde e corresponderalle emitir os debidos informes sobre este punto ao/a xefe/a do gabinete de normalización lingüística.

Sexto.

1. O prazo de presentación das solicitudes será de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

2. As solicitudes realizaranse utilizando o formulario que figura como anexo a esta orde. Irán asinadas polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e prace do/a director/a do centro, e mandaranse á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, e será de aplicación o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Xunto coa solicitude presentarase:

a) Un proxecto, asinado polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e prace do director do centro, no que se especifiquen, englobándoas no punto correspondente da epígrafe 2ª, as actividades previstas para acadar os obxectivos que figuran nos plans específico e xeral para o uso do galego. Con cada unha das accións terá que figurar a súa cuantificación económica. No caso das actividades de prensa escolar, considerarase como mérito preferente o feito de que esas actividades se levasen a cabo tamén en anos anteriores. Se se dá esa circunstancia, deberase achegar, coa solicitude, un exemplar do último dos números editados.

b) Certificación de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia expedido pola Consellería de Economía e Facenda.

c) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias expedido pola correspondente delegación ou axencia tributaria do Ministerio de Economía e Facenda.

d) Certificado de encontrarse ao día nas obrigas sociais expedido pola Tesouraría da Seguridade Social.

4. As actividades previstas no proxecto faranse necesariamente segundo o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (disposición adicional) e no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre normativización da lingua galega.

5. No caso de que o centro fixese outras solicitudes para o mesmo proxecto ou actividade, xuntará á solicitude unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

6. De observarse algunha falta na documentación, antes de realizar a proposta de resolución comunicáraselles aos solicitantes para que, no prazo de dez días, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Sétimo.

Para o exame e a avaliación das solicitudes constituirase en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión integrada por:

-O delegado provincial, que a presidirá.

-Un representante do Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega, da Dirección Xeral de Política Lingüística.

-Un/unha representante da Inspección Educativa.

-O/a xefe/a do gabinete de normalización lingüística.

-Un funcionario ou funcionaria da delegación provincial, que actuará de secretario.

Oitavo.

1. As comisións de selección terán en conta a calidade do proxecto e o número de alumnos do centro para a concesión de axudas.

A calidade do proxecto será avaliada en tres tramos, de maior a menor (A, B, C), en función de:

-Número de actividades previstas polo centro para fomentar o uso da lingua galega.

-Repercusión das actividades no incremento do uso da lingua galega.

-Custo e dificultade da actividade.

O número de alumnos valorarase en cinco tramos, de maior a menor: A) máis de 600 alumnos; B) de 400 a 600 alumnos; C) de 200 a 400 alumnos; D) de 100 a 200 alumnos; E) menos de 100 alumnos.

2. Excluíranse aquelas solicitudes que non se reciban dentro do prazo.

3. A percepción doutras axudas para os mesmos proxectos poderá reducir a contía da subvención que recibiría por esta orde, de xeito que o conxunto de axudas non supere os gastos totais do proxecto.

Noveno.

Unha vez examinadas e avaliadas as solicitudes, as comisións presentaranlle as propostas de concesión ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o cal resolverá, procedéndose á súa publicación no DOG.

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo, diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.

Décimo.

Antes do 15 de novembro de 2005, cada equipo ao que se lle concedese axuda, coa conformidade da dirección do centro, terá que lles remitir aos gabinetes de normalización lingüística das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Unha memoria das actividades realizadas durante o ano 2005.
2. Facturas orixinais, expeditas ao nome do propio centro educativo, correspondentes aos gastos de material ocasionados pola realización das actividades por un importe igual, sen IVE, ao da axuda concedida.
3. Certificacións expresas de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia, e de estar ao día nas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.
4. Certificación orixinal na que consten os datos bancarios, selada e asinada pola entidade financeira.
5. Fotocopia do CIF do centro.
6. Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para o mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

Décimo primeiro.

1. O pagamento das axudas concedidas farao a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da habilitación, logo da xustificación dos interesados, tal como se indica no punto 10.
2. O importe da axuda non será superior ao 100% dos gastos, sen IVE, que leve consigo a realización do proxecto.

Décimo segundo.

O seguimento e a avaliación dos traballos para os que se lles conceden as axudas aos equipos e a verificación do cumprimento do establecido nos plans específico e xeral para o uso do galego nos centros levaraos a cabo a Inspección Educativa, consonte o disposto no artigo 11 do Decreto 247/1995, do 14 de setembro.

Décimo terceiro.

1. A non-entrega das memorias e dos xustificantes de gasto, aos que fai referencia o punto 10, no prazo sinalado, poderá ser causa de revogación da axuda concedida e producirá como efecto a denegación de axuda para o ano seguinte, procedendo o centro ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan exixir.

2. O incumprimento total ou parcial dos proxectos poderá anular ou modificar a contía da subvención concedida.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Décimo cuarto.

Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e ao seu desenvolvemento.

Ademais serán de aplicación os artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, segundo a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro. No que non se opoña, aplicarase tamén o Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Décimo quinto.

Os beneficiarios terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola intervención xeral da comunidade autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio da súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA OS PROXECTOS E OS TRABALLOS DOS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED101A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		Nº UNIDADES
ENDEREZO	LOCALIDADE	
CONCELLO	TELÉFONO	NIF

Don / Dona _____ coordinador/a do equipo de normalización lingüística do centro antes mencionado,

SOLICITA:

Axuda económica para levar a cabo as actividades que se mencionan no proxecto que se xunta a esta solicitude, acolléndose ao disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do _____, pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) que imparte ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA AXUDA

	<u>CANTIDADE SOLICITADA</u>
1.- A adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego	_____
2.- Os gastos de material necesarios para a organización de programas e actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro	_____

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.</i>	
SINATURA DO / DA COORDINADOR / A DO EQUIPO _____, de _____ de _____	V. E. P. DO / DA DIRECTOR / A DO CENTRO _____, de _____ de _____

Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Gabinete de Normalización Lingüística)
 de _____

Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se anuncia a adxudicación de dez bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, convocada por Orde do 29 de novembro de 2004 (Diario Oficial de Galicia número 236, do 3 de decembro).

Con sustentación na proposta contida na acta da sesión que tivo lugar o día 14 de febreiro de 2005 pola comisión seleccionadora para a adxudicación de dez bolsas de colaboración en diversos proxectos de investigación que se van desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, segundo a convocatoria anunciada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no DOG nº 236, do 4 de decembro de 2004, e de conformidade co establecido na base sexta da referida orde de convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder dez bolsas de colaboración para os distintos proxectos de investigación que se desenvolverán no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, segundo se detallan no anexo a esta resolución.

No caso de producirse algunha renuncia, procederase a adxudicarlles a mencionada bolsa a outros candidatos/as, se os houberse, de acordo coa relación de suplentes que se inclúe no anexo desta resolución.

Segundo.-De acordo co establecido na base segunda da convocatoria, a asignación mensual das bolsas a que se refire o punto anterior será de 800 euros mensuais, coa retención fiscal que corresponda, durante o período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de decembro de 2005.

Terceira.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso postestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome das/os bolseiras/os	NIF
* Proxecto I: Prosa literaria galega medieval	
Titular:	
Coiradas Martínez, Inés	78792422-B
Suplentes:	
Vega Vázquez, Isabel	44815955-H

Apelidos e nome das/os bolseiras/os	NIF
Rábade Villar, Mª do Cebreiro	44812117-K
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
Vilariño Suárez, María	53168239-J
* Proxecto II: Lírica galego-portuguesa	
Titular:	
López Macías, Marta	34970692-C
Vega Vázquez, Isabel	44815955-H
Suplentes:	
González Lousada, Francisco	53168948-D
Rodríguez Barcia, Susana	36151627-C
Vilariño Suárez, María	53168239-J
* Proxecto III: Corpus de referencia do galego actual	
Titular:	
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
Suplentes:	
Cañizo Durán, Leopoldo	44467453-N
Castro García, Silvana	47360137-D
Rodríguez Barcia, Susana	36151627-C
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
Vázquez Fernández, Silvia	34972316-B
* Proxecto IV: Recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos	
Titular:	
Vilariño Suárez, María	53168239-J
Suplentes:	
Grañío Teira, María Lucía	76779063-A
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
* Proxecto V: Bibliografía da literatura galega	
Titular:	
Rábade Villar, María do Cebreiro	44812117-K
Suplentes:	
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
Castro García, Silvana	47360137-D
García Merino, Mª José	44816682-D
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
Ferro Diz, Dolores	44075697-S
Vázquez Fernández, Silvia	34972316-B
* Proxecto VI: Dicionario de fraseoloxía galega	
Titular:	
Cañizo Durán, Leopoldo	44467453-N
Suplentes:	
Domínguez Conde, Nancy	46914318-E
Ferro Diz, Mª Dolores	44075697-S
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
López Macías, Marta	34970692-C
García Merino, Mª José	44816682-D
* Proxecto VII: Síntese de voz en galego	
Titular:	
Caamaño Varela, Maruxa	44814518-F
Suplentes:	
Diéguez Pardo, Natividad	76822310-X
Ferro Diz, María Dolores	44075697-S
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
Castro García, Silvana	47360137-D
* Proxecto VIII: Corpus de referencia do galego actual	
Titular:	
Moliner Álvarez, Miguel Ángel	71505479-C
* Proxecto IX: Dimensións de identidade colectiva en Galicia	
Titular:	
Anido Domínguez, Rubén	44829321-K
Suplentes:	
Martín Naranjo, Genma	02629876-X
Veiga Martínez, Olga	78795957-G
Ugarte Otero, José	44808976-P

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 28 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Os parques empresariais e as infraestruturas de solo empresarial creadas hai anos e cun alto nivel